

Problema971: Indica como se chaman os polímeros fabricados a partir dos seguintes monómeros: propeno, eteno, etenilbenceno, cloroeteno. Indica a estrutura do polímero e algún dos seus usos.

| Monómero                                                                                                                               | Nome do polímero            | Estrutura do polímero                                                       | Usos                                                                                                                                                                   |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------|-----------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>Propeno ou propileno</p> $\begin{array}{c} \text{CH}_2 = \text{CH} \\   \\ \text{CH}_3 \end{array}$                                 | Polipropileno PP            | $\left[ \text{CH}_2 - \underset{\text{CH}_3}{\text{CH}} \right]_n$          | Utilízase na fabricación de envases médicos, iogures, palliñas, botes de ketchup, tapas, algúns contedores de cociña, etc                                              |
| <p>Eteno ou etileno</p> $\text{CH}_2 = \text{CH}_2$                                                                                    | Polietileno PE              | $\left[ \text{CH}_2 - \text{CH}_2 \right]_n$                                | Sacos e bolsas plásticas. Cubertas para invernadoiros e outros usos agrícolas. Xoguetes. Obxectos de enxoval, como vasos, pratos, cubertos. Botellas. Tubos e tubaxes. |
| <p>Etenilbenceno, ou vinilbenceno, ou estireno</p> $\begin{array}{c} \text{CH}_2 = \text{CH} \\   \\ \text{C}_6\text{H}_5 \end{array}$ | Poliestireno PS             | $\left[ \text{CH}_2 - \underset{\text{C}_6\text{H}_5}{\text{CH}} \right]_n$ | Utilizado en pratos e vasos de usar e tirar, caixas de ovos, bandexas de carne etc. Illante térmico, material de embalaxe.                                             |
| <p>Cloroeteno, ou cloruro de vinilo</p> $\begin{array}{c} \text{CH}_2 = \text{CH} \\   \\ \text{Cl} \end{array}$                       | Poli(cloruro de vinilo) PVC | $\left[ \text{CH}_2 - \underset{\text{Cl}}{\text{CH}} \right]_n$            | Tubaxes, envases, recubrimento de cables eléctricos, portas e xanelas.                                                                                                 |